

O xornal da Terra de Melide

Nº 65. Maio 2011. Distribución gratuita

Comeza a campaña electoral máis reñida dos últimos anos

MELIDE
Liorta política
polo suposto
corte de luz
en edificios
municipais P10

COMARCA
Os concellos
reciben 140.000
euros para
infraestruturas
no rural P20

CULTURA
A Foliada fixo
vibrar a todo
Melide coa
música máis
tradicional P24

ENTREVISTA



Manuel Varela, Imaxina
“Traballamos
con material
de primeira a
prezos moi
asequibles” P31

Ás 00.00 horas do 6 de maio arrancou a campaña electoral para os comicios municipais que se celebrarán o 22 de maio. A crise é o factor determinante que marca estas eleccións, que se presentan moi igualadas en tódolos concellos da zona. Os candidatos ás alcaldías dos distintos partidos centran os seus programas na creación de emprego, o desenvolvemento industrial e a dotación de distinto tipo de servizos para a poboación. Especial P14.



Chega a vixésima edición da Festa do Melindre



Celébrase o 8 de maio baixo o lema ‘Melide, doce por tradición’. Habrá unha homenaxe ás tradicionais teileiras de Furelos, O Leboreiro e Piñor. P22

Marcha atrás ó proxecto das casas da Praza das Coles



Cultura confirma que só destinará 44.000 euros á restauración das vivendas, para as que o bipartito da Xunta comprometera 435.000 euros. P12



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: lngtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Democracia participativa

Chegou o mes de maio, e con el as eleccións municipais, que se celebrarán o domingo 22. Xa estamos en tempo de campaña que, como soe ser habitual, estivo precedido dunha longa precampaña.

A partir de agora sucederanse os discursos, cheos de futuros proxectos, nos que os candidatos tentarán convencer aos veciños de que o seu partido é o mellor para gobernar a vila onde viven. Ata aquí todo será igual que nos anteriores comicios, pero desta volta, hai varias cousas sustancialmente distintas se comparamos as anteriores eleccións coas que viviremos a finais de maio. A reforma da lei electoral impide que se celebren inauguracións de obras en campaña e precampaña. Remataron aquelas imaxes -ridículas nalgúns casos- de alcaldes inaugurando obras ata o día final da campaña.

Pero sen dúbida, o factor que condiciona na maior medida estes comicios é a crise. A Terra de Melide non é allea ó deterioro da situación económica, por iso os veciños están ávidos de propostas que permitan frear o desemprego na comarca. Coa crise que hai, o que menos lles preocupa ós votantes son as liortas entre as distintas formacións políticas. É máis, as disputas políticas enfadan profundamente ao electorado, que non ve nos políticos a persoas capaces de velar polo interese común do pobo.

Coa chegada da crise, a sociedade viu como os distintos gobernos tomaban decisións que



repercutían directamente na poboación sen consultalos. Todos recordamos a recente reforma das pensións ou a do mercado laboral. Moitas persoas non se sinten representadas por este sistema, unha falsa democracia que os deixa á marxe das decisións máis trascendentais para as súas vidas.

A indiferencia do pobo cara ós políticos debería dar paso á integración dos cidadáns no sistema, os dirixentes teñen que facelos partícipes das actuacións máis importantes. E o pobo debe aproveitar a oportunidade e participar activamente.

Agora é máis que precisa a instauración da tantas veces nomeada democracia participativa. Ten que abrirse unha liña de colabo-

ración fluída entre os distintos gobernos municipais e os veciños, que están representados en diversos colectivos e asociacións. Os gobernos deben escoitar todas as propostas e opinións que chegan dende a rúa.

Dende Asetem-Cca expresamos o noso apoio aos gobernos que saian elixidos das urnas o próximo 22 de maio. Poñemos enriba da mesa unha clara vontade de colaboración para aqueles temas relativos ó desenvolvemento económico da comarca. Mais esiximos que nos teñan en conta para aquelas decisións que afecten ao ámbito económico que representamos.

Agardemos que o contacto sexa fluído e produtivo.

Tribuna de opinión

Recoñecemento

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

É unha das nosas sinais de identidade máis sobranceiras da nosa terra no que se refire á gastronomía. Falamos do melindre, que é un auténtico reclamo para todos os visitantes que cada ano pasan pola nosa vila. O postre típico de Melide, ten a súa merecida exaltación na Festa do Melindre e da Repostería Tradicional -celebrase o segundo domingo de maio-, que este ano cumpre dúas décadas.

Despois de que o ano pasado varias casas reposteiras da vila constituíran a asociación de produtores Melide Terra Doce co obxectivo de conseguir unha maior promoción para os tres produtos -melindre, rico e amendoado-, este ano, o Concello de Melide está a tramitar o expediente de declaración de Festa de Galicia de interese turístico, que presentará ante a Xunta de Galicia.

Dende Asetem-Cca apoiamos totalmente esta iniciativa, xa que permitiría dar un fondo impulso á festa ó outorgarlle un recoñecemento oficial, que agora mesmo, aínda que é moi popular, non posúe. Axudaría a facela visible en toda a comunidade, algo que, sen dúbida, repercutiría no beneficio económico de tódolos negocios do sector así como no de toda a vila en xeral.

Nestes tempos de crise é hora de apostar polos nosos produtos, de facer unha boa promoción e de aproveitar o tirón turístico que teñen os eventos gastronómicos na nosa terra.

Sabemos que non será unha tarefa fácil, que require traballo e esforzo dende o sector privado e público e que a consecución do recoñecemento oficial por parte do goberno galego é un proceso longo, pero hai que intentalo.

Agradecemento

A Xunta Directiva de Asetem-Cca quere agradecer a labor desempeñada pola ata agora presidenta da comisión de Comercio e contadora da asociación, María Rosa Cabado Rodríguez, que recentemente presentou a súa renuncia voluntaria -previa petición de dimisión da Xunta Directiva- aos cargos que ocupaba na patronal, para adicarse a actividades incompatibles coa súa labor na asociación, que é independente de organizacións

de traballadores, partidos políticos e da Administración. Rosa Cabado levaba escasamente un ano como membro da directiva desta asociación, dende que o colectivo de comerciantes que ela presidía se integrou en Asetem-Cca. Queremos destacar o seu traballo a prol do comercio de Melide durante estes últimos meses. Asimesmo, desexámoslle sorte na súa nova andaina, adicada á política municipal.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norpremsa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-ESPECIAL ELECCIÓN.....	14
-COMARCA.....	20
-CULTURA E LECER.....	22
-COLABORACIÓNS.....	28
-AXENDA.....	30
-ENTREVISTA.....	31

Asetem prepara unha xornada de casos de éxito no comercio para xuño

Analizarase o rol dos CCA no desenvolvemento local e claves de éxito comercial

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) prepara unha xornada sobre casos de éxito no comercio para o vindeiro mes de xuño.

A charla abordará distintos ámbitos relacionados co sector do comercio. Analizarase a actividade e o traballo das asociacións de comerciantes e empresarios e Centros Comerciais Abertos da man de dous expertos, o presidente da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (Fecimo), Xosé Bangueses, e a xerente desta asociación, Mar Lorenzo.

O avogado Feliciano No-



Xosé Bangueses

gueira falará das cuestións normativas no comercio, explicando as principais características da nova normativa do sector, a lexislación sobre horarios ou sobre as garantías.

Un dos principais puntos da sesión será a avaliación das claves que dirixen un negocio ao éxito comercial, do que se relatarán varios exemplos.

Tratarase dunha xornada dinámica, na que o público poderá intervir e amosar as súas opinións e propostas para acadar maior éxito no traballo da asociación.

Dende Asetem-Cca ultiman os detalles para a celebración desta xornada, que se prevé celebrar na segunda semana de xuño -probablemente o xoves 9- e da que avisarán en tempo e forma debido ós asociados.

Concurso de tapas

Por outra banda, Asetem-Cca xa está organizando o segundo concurso de tapas para a hostelería melidense.

Dada a boa acollida que tivo esta iniciativa -celebrada por primeira vez na vila o ano pasado- entre os hostaleiros e os veciños da zona, a asociación de empresarios optou por facer a segunda edición do concurso, que se celebrará ao longo do mes de xuño.

A patronal convocou a unha reunión a tódolos hostaleiros melidenses para o luns 9 de maio ás 10.30 horas no salón de actos da asociación, na que abordarán cuestións relativas á dinámica do concurso.

Os peregrinos tamén len Cerne



Reparto en:

Melide
Santiso
Sobrado
Toques

Arzúa
Palas de Rei
Portomarín
Sarria

HOGAR

CONTRATA TU SEGURO DE HOGAR Y DISFRUTA DE UNA BATERÍA DE VENTAJAS

BATERÍA DE COCINA DE 5 PIEZAS DE REGALO

Prima mínima 150 €. Hasta el 31 de mayo 2011 o fin de existencias.

Infórmate en tu oficina más próxima

SEGUROS BILBAO | Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

CONVENIO ESPECIAL ASETEM: PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS

OFICINAS Y COMERCIOS hasta el

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

40% descuento

CIDERTRONIC
A tua tenda de informática on line

Camara Canon Powershot

70,35 € entra en:

portatil Samsung por solo

399,90 €

www.cidertronic.es

Os tres candidatos á alcaldía melidense responderon ás cuestións dos empresarios

Os tres candidatos á alcaldía de Melide -Socorro Cea (BNG), Manuel Prado (PSOE) e Ánxeles Vázquez (PP)- acudiron a un coloquio informativo organizado por Asetem-Cca, no que responderon ás preguntas que lles foron trasladadas por parte dos asociados da patronal.

O obxectivo desta charla, que se organizou a petición dun grupo de socios que así o demandaron na asemblea xeral da patronal celebrada en marzo, era que os asociados puideran coñecer de primeira man as intencións e proxectos dos tres grupos políticos no relativo ó desenvolvemento do tecido empresarial e comercial

do concello.

O acto, que estaba limitado exclusivamente a asociados, contou cunha notable asistencia. Foi presentado pola xerente da asociación, Pilar López, e moderado polo secretario, José Ramón Villamor.

Os tres políticos respostaron ás preguntas propostas pola Xunta Directiva de Asetem en primeiro lugar e despois ás formuladas por parte do público. Falaron sobre cuestións relativas ó desenvolvemento urbanístico de Melide, centradas na ampliación de solo industrial contemplada no novo PXOM; á situación actual do tramo da autovía A-54; e expuxeron algunhas das súas



Un intre do coloquio informativo celebrado en Asetem

medidas encamiñadas a fortalecer o desenvolvemento económico dos sectores industrial, empresarial, co-

mercial e turístico na vila.

Na quenda de preguntas para o público, os asistentes plantexaron cuestións sobre o

mantemento, vixilancia e prezo do solo no polígono empresarial da Madanela, sobre a organización das festas do San Roque ou qué medidas habería que desenvolver para afianzar a Melide como cabeceira de comarca.

Dende Asetem-Cca agradeceron a asistencia dos tres candidatos e valoraron positivamente o encontro, no que se reclamou que se celebrara sen estar limitado exclusivamente aos socios. A Xunta Directiva da patronal considera que foi un primeiro paso para que no futuro se celebre un coloquio aberto a toda a cidadanía con certa frecuencia, non só de cara ás eleccións locais.

AS RESPPOSTAS

Ampliación de solo industrial

Cea (BNG): “Diferentes técnicos que nos asesoran co Plan Xeral desaconsellan a ampliación do actual polígono. Oxalá que se conseguira, porque estamos convencidos de que é a mellor zona con diferenza, pero é moi difícil logralo. No novo PXOM contemplase unha ampla zona de solo industrial e comercial ubicada cara á zona das canteiras”.

Vázquez (PP): “É posible a ampliación do actual polígono industrial, porque houbo reformas das leis que así contemplan, pero non é nada doado. Tería que ser na zona norte, que está menos protexida e é monte común. Tamén hai que conseguir a legalización das empresas que están fóra da ordenación así como toda a zona das canteiras”.

Prado (PSOE): “Temos diante unha situación moi complicada para poder levar a cabo a integración das industrias que están á beira da Nacional 547, pero pódese facer. Tería que solicitarse unha delimitación do polígono industrial que recollera a zona na que están estas industrias. Isto sería independente da tramitación do PXOM”.

Autovía A-54

Cea (BNG): “Non estamos nada preocupados pola denuncia da Federación Ecoloxista Galega. Podemos estar satisfeitos de que se aprobara o trazado que todos queríamos. Sempre polo camiño aparecen problemas, pero a información que nós temos é que non hai que ter preocupación con esta denuncia, que podemos estar tranquilos”.

Vázquez (PP): “O problema radica en que se o fiscal decide acatar as directrices da Federación Ecoloxista Galega, a autovía non pasará polo LIC Serra do Carreón, porque o que non van facer a Xunta e o Estado é perderse por axudar a Melide. Presentamos unha moción para que se quitara a denuncia, pero Cea e Prado non quixeron debatila”.

Prado (PSOE): “A Xunta sobre pasouse ao pedir o estudo de detalle do tramo que pasa por Melide. Provocou moito retraso, que o estamos pagando agora. Se isto non houbera ocorrido, posiblemente hoxe estaría contratada a redacción do proxecto de execución material. Esperemos que nos vindeiros meses haxa avances, a pesar da crise económica”.

Tecido económico e empresarial

Cea (BNG): “É moi positivo que a día de hoxe haxa parcelas á venda no parque empresarial. Algunhas das mellores que se fixeron no polígono favorecen que se instalen alí as empresas, como a mellora do problema de abastecemento de auga, ou a instalación do punto limpo. Tamén solicitamos unha axuda para un sistema de vixilancia”.

Vázquez (PP): “É importante ter máis solo industrial, pero nunca se debeu permitir que aumentara o dobre o prezo do solo industrial. Tamén hai que mellorar a comunicación con Sobrado. Loitar para que o instituto teña algún ciclo máis, que sexa relacionado coas novas tecnoloxías e facer posible que as parroquias teñen acceso a internet”.

Prado (PSOE): “É fundamental que o polígono teña condicións óptimas para que as empresas que se instalen non teñan que facer gastos suplementarios. Habería que renegociar o prezo do solo, xa que o concello non pode avanzar fiscalmente para potenciar a instalación das firmas que actualmente teñen unha exención da taxa do ICIO do 95%”.

Potenciar comercio e turismo

Cea (BNG): “Unha das cousas polas que estamos máis satisfeitos é porque fomos capaces de sacar adiante un regulamento da venda ambulante e ordenar o mercado dos domingos. O Mercado de Melide tamén é importante para o comercio, así como as melloras en cincuenta rúas do casco urbano. Tamén impulsamos a repostería tradicional”.

Vázquez (PP): “Temos unha marca turística que é Melide en si, que debemos de rexistrala como tal. Hai que potenciar o Camiño de Santiago e crear unha páxina web especializada en turismo, onde se poidan ofrecer paquetes completos. Hai que vender os nosos produtos e combatir as grandes áreas, que non dan trato personalizado”.

Prado (PSOE): “O Centro Comercial Aberto ten que examinar as posibilidades de peatonalizar certas zonas, iluminalas, axardinar rúas, ou aumentar o horario de peche dos comercios para favorecer as compras. Hai que buscar unha fórmula para atraer máis público das zonas de influencia a través da mellora das comunicacións”.

Horarios nocturnos hostalería

Cea (BNG): “Os propietarios dos locais teñen que ter claro que existe unha normativa fixada pola Xunta, dende xuño de 2005; non é o Concello de Melide o que fixa os horarios de peche. As sancións competen exclusivamente á Garda Civil. Ten que haber un cambio de mentalidade na xente, para que saian antes da casa”.

Vázquez (PP): “Ten que haber coordinación entre a Garda Civil, a Policía Local e o Concello. A Policía Local ten que facer noites, ó menos os sábados. É moi difícil amparar ao mesmo tempo a hostalería e o cidadán de a pé. No relativo aos horarios non hai perspectiva de cambio de mentalidade na xente, para que saian antes da casa”.

Prado (PSOE): “Hai que controlar os horarios e uniformizar as licenzas para que non haxa competencia desleal. Agora mesmo a plantilla da Policía Local está moi mermada e non pode facer turnos de noite. Intentaremos chegar a un ratio dun policía local por cada mil habitantes para que se poida exercer un control axeitado sobre os horarios”.

Proxecto estrela

Cea (BNG): “Temos moitos proxectos para levar a cabo. Queremos continuar co que estivemos facendo nestes catro anos, dotando de servizos básicos coma o saneamento. É importantísimo seguir coa mellora das rúas para mellorar a imaxe de Melide e a vida dos veciños, e seguiremos coa execución de infraestruturas deportivas”.

Vázquez (PP): “É imprescindible sacar adiante o Plan Xeral, porque no momento en que mellore a economía o pobo vai estar parado por falta de PXOM. Temos que facer que o camiño de Santiago atraia á xente tódalas fins de semana. Hai que explotar máis o Camiño de Santiago e facer o posible para ter un casco vello máis atractivo”.

Prado (PSOE): “O noso proxecto estrela é facer un aparcadoiro subterráneo no Cantón. O centro de Melide ten unha deficiencia de aparcamentos impresionante. Temos que favorecer que a xente chegue e teña unha praza para o seu coche, con independencia de que haxa que pagar ou non. Consultaremos ó pobo se quere que se faga”.



EN MELIDE
HAI FUTURO

SOCORRO CEA VÁZQUEZ



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Préstamos do IGAPE, para financiar proxectos de investimento en Galicia con fondos BEI

(DOG nº 63, do 30 de Marzo de 2011)

Beneficiarios: PEME independente (Non teñan máis do 25% do capital en mans de unha ou varias sociedades; e no caso contrario, que o grupo non supere 250 empregados)

Novos investimentos, ampliación ou mellora dos existentes, entre 240.000 e 25.000.000 €, que se leven a cabo nun máximo de 3 anos: Activos materiais, excluído terreos, salvo que resulte indispensable para o investimento; Activos Inmateriais e Aumento do Capital Circulante para o crecemento do negocio.

Tipo Xuro 2011: Tipo de referencia + 1,485%. Financiación + Subvencións non pode superar o 100% do investimento.

Plazo: Ata 29/06/2011.

2. Subvencións a talleres de reparación de vehículos para a adquisición de equipamento e adecuación das súas instalacións, convocatoria 2011.

(DOG nº 66, do 4 de Abril de 2011)

Beneficiarios: Microempresas, que sexan persoas físicas ou xurídicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas; de alta no epígrafe 691.2 do IAE.

Actuacións subvencionables: Equipamento (diagnose multimarca, analizadores gases, elevadores, cabinas de pintura, aliñador de dirección con tecnoloxía sen fíos, liñas Pre ITV, etc) e Instalacións (eléctrica de baixa tensión, aire comprimido, sistemas de filtración aspiración e extracción centralizada)

Investimento mínimo 6.000€.

Contía: 30%, máximo 10.000€ por centro de traballo e 20.000€ por beneficiario.

Plazo: Ata o 07/10/2011 ou esgotamento de crédito.

3. Programa de Incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de base tecnolóxica (IEBT), convocatoria 2011.

(DOG nº 63, do 30 de Marzo de 2011)

Beneficiarios: Empresas privadas e autónomas, que inicien a actividade nun máximo de 1 ano dende a cualificación do proxecto como IEBT; e na que o 25% do cadro de persoal sexan titulados universitarios.

Tipos de axuda e contías:

a) Subvención á creación directa de emprego

estable para desempregados, incluído o dos promotores, no primeiro ano de actividade. Entre 4.000 e 7.000€/emprego.

b) Subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación (titulado universitario). 40% dos custos salariais de ata 12 meses; máximo 18.000€.

c) Apoio á función xerencial (titoría, formación, estudos externos). 75%, máximo 12.000€.

d) Subvención financeira (75% do préstamo irá destinado a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible). Redución de ata 4% do tipo de xuro, máximo de 6.300€ por emprego estable.

e) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade. Entre 24.000 e 60.000€. Prazo xeral: Ata o 30/09/2011.

4. Programa de Integración Laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, convocatoria 2011. (DOG 63, do 30 de Marzo de 2011)

a) Programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria.

Beneficiarios: Empresas, de calquera forma xurídica, autónomas, soc. civís e comunidades de bens que contraten traballadores discapacitados.

Liñas de axuda:

.- Subvención pola contratación indefinida: 3.907€ (5.107€ mulleres) + Incentivos adicionais.

.- Subvención pola contratación indefinida de discapacitados dun enclave laboral: 7.814€ + Incentivos.

.- Subvención pola contratación temporal: 2.000€ (2.600€ mulleres) + Incentivos adicionais.

.- Subvención pola contratación de persoas con discapacidade no marco de proxectos de emprego con apoio

b) Programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado de traballo.

Beneficiarios: Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas do mercado ordinario de traballo, incluído autónomos.

Prazo xeral: Ata o 30/09/2011.

Fiscal e laboral

1. Prestación de cese de actividade no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Aos efectos de facilitar o acceso á recente prestación por cese da actividade por parte dos traballadores incluídos no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, que non teñan cuberta a protección por continxencias profesionais (accidente de traballo) e por cese da actividade, establécese un prazo especial para optar pola súa cobertura ata o 30/06/2011, con efectos do día primeiro do mes seguinte ó cal se solicita a protección.

2. Principais novidades da RENTA do exercicio 2010.

a) Deducción de 400€.

Aplicase, de forma progresiva, só a contribuintes que teñan a base imponible inferior a 12.000 euros.

b) Nova deducción por obras de mellora na vivenda habitual ou no edificio no que ésta se encontra.

Esta deducción resulta aplicable polas cantidades satisfeitas dende o 14 de abril do 2010 ata o 31 de decembro de 2012 por obras realizadas en dito período na vivenda habitual do contribuinte ou no edificio no que ésta se encontra. A estos efectos é importante conservar as facturas recibidas polas obras correspondentes. A deducción non será aplicable si o pago da factura se fai en metálico.

c) Tratamento das rentas do aforro: Tipo 19% ata 6.000 €; a partir desta cifra, 21%.

d) Prestación por desemprego na súa modalidade de pago único, exento ata 15.500 euros

e) Deducción por vivenda habitual

A renda do 2010 será a última na que todos os contribuintes, con independencia do seu nivel de ingresos, poden disfrutar desta deducción. Os contribuintes que adquiren a súa vivenda habitual a partir do 1 de Xaneiro de 2011, solo podrán ter algún tipo de dección se obteñen rendas menores de 24.107 euros.

f) Actividades agrícolas, gandeiras e forestais en estimación obxectiva.

Neste exercicio non son aplicables as reducións por adquisición de gasóleo nin de plásticos ou fertilizantes. Sen embargo, existe un índice corrector do 0,65 para aplicar a aqueles contribuintes que adquiren a terceiros máis do 50% dos pensos consumidos.

3. Medidas para a regularización e control do emprego sumerxido

Os empresarios que ocupen a traballadores de xeito irregular (non alta na Seguridade Social), poderán regularizar voluntariamente a situación, sen sanción, ata o 31/07/2011. Poderán utilizar calquera modalidade de contratación, temporal ou indefinida, incluídos contratos formativos e aplicar as bonificacións dos programas de emprego. Os contratos temporais deben ter unha duración mínima de 6 meses dende a solicitude se alta.

A partir do 01/08/2011 endureceranse as sancións, tales como:

.- A omisión de alta dos traballadores ou a solicitude de alta como consecuencia de actuación inspectora é infracción grave que pode supoñer multa de 3.126€ ata 10.000€, por traballador.

.- Ocupar irregularmente a traballadores beneficiarios de prestacións incompatibles co traballo (paro, etc) será infracción moi grave que se sancionará con multas de 10.001 ata 187.515 euros. Ademais da aplicación das sancións, os empresarios que cometan infraccións moi graves en materia de emprego e protección por desemprego, perderán as axudas e bonificacións dos programas de emprego dende a data na que se cometeu a infracción, por un período de 2 anos.

Os empresarios que se houberan acollido ó proceso voluntario de regularización e extingan contratos dos traballadores afectados antes dos 6 meses, perderán o dereito a acollerse ós beneficios e efectos desta regularización voluntaria (inaplicación de sancións, aplazamento de cotizacións, bonificacións contratación), con efectos da data da mesma; salvo extincións por despido disciplinario declarado procedente, dimisión, morte, xubilación ou invalidez do traballador.

PARA QUE GAÑE MELIDE.



Manuel Prado Puga
Candidato á Alcaldía de Melide.

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981505160

Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugeiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917

Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453
Frutas Gallego e Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981506358
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564

Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados García
Rda. da Coruña, 14
981815400

Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones Paradel
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300

Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Inmobiliaria Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330

Mª Jesús Iglesias Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica Blanco
Mateo S. Bugeiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818



ONTE POR GALICIA 
HOXE POR MELIDE



Polémica polo suposto corte de suministro eléctrico no Concello

O PP asegura que se adebedan 320.000 euros á suministradora

O goberno di que só están pendentes 153.000 euros

“A empresa suministradora de electricidade cortará o suministro nos edificios públicos do Concello se o actual goberno non paga a débeda, que ascende a 320.448 euros”. Así de tallante era a información difundida a mediados de abril pola voceira do PP melidense, Ánxeles Vázquez. En rolda de prensa, a líder popular indicou que o Concello dispoñía de catro meses para solucionar a situación ou, pola contra, comezarían os cortes de luz. Os edificios afectados serían a escola infantil, o pavillón polideportivo, o edificio multiusos e os centros sociais.

Vázquez afirmaba que a



O goberno local desmentiu que houbera risco de corte de luz

“desidia do actual equipo pon en risco o benestar dos melidenses”.

Non hai perigo de corte

Dende o goberno local desmentiron rotundamente esta información. Indicaron que a alcaldesa, Socorro Cea, e o primeiro tenente de alcaldesa, Manuel Prado, mantiveron unha xuntanza coa empresa na que lle informaron dos últimos pagos realizados polo Concello, que a firma aínda non contabilizara antes de presentar o escrito no rexistro municipal, o 12 de abril.

En total, o equipo de goberno realizou os pagos das facturas correspondentes a xaneiro e febreiro de 2011 -máis de 53.300 euros- e liquidou as pendentes de 2009 por valor de 113.600 euros. “A débeda é de 153.485 euros, menos da metade da cantidade feita pública polo PP”, indicaron dende o Concello.

Asimesmo, trasladaron a confirmación da empresa suministradora quen lles asegurou que a débeda actual “é a correspondente a catro recibos de 2010, o cal non é motivo para ordenar corte de luz”.

Aprazada a vista oral polo caso da depuradora do polígono ó 25 de maio

Os membros do equipo de goberno melidense imputados no caso da depuradora do polígono da Madanela a raíz da denuncia presentada polo PP -a alcaldesa e os catro membros da Xunta de Goberno Local- declararán finalmente o 25 de maio, despois de que a xuíza

de Arzúa aprazara a vista oral, prevista nun primeiro momento para o día 4 de maio.

Dende o equipo de goberno amosaron a súa satisfacción polo aprazamento, argumentando que “o PP non vai poder utilizar esta baza como argumento electoral”.

O goberno local informou de que dispón do certificado do departamento de intervención municipal no que se demostra que a Xunta non ingresou ningunha cantidade destinada á obra. Ademais, sinalaron que o Concello non realizou ningún pago a ningunha firma.

Derruban o transformador eléctrico da rúa Galicia



Parecía unha tarefa fácil, pero o Concello de Melide precisou tres anos de negociación coa empresa Unión Fenosa para conseguir o derrubamento do transformador eléctrico situado na rúa Galicia, a carón

da Casa da Cultura.

O transformador, colocado alí dende hai 50 anos, interrompía completamente o tránsito pola beirrarúa, polo que a súa retirada era unha vella demanda dos veciños.

Emprendedores en Melide



Irene García, co seu marido Luis Varela

Irene García decidiuuse a montar o seu propio negocio movida polas ansias de mellorar o seu futuro. A súa sólida experiencia na academia Skala de Melide, onde levaba traballando uns sete anos, fixo que se decantara por montar a súa propia perruquería.

Irene é consciente da época de crise que estamos atravesando. Aínda así, despois de varios días de traballo as súas impresións “non poden ser mellores”, xa que o negocio tivo moi boa acollida entre os melidenses e ten “moi bo volume de traballo”.



IMPRENTA
meligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Peluquería
Irene

HOMBRE - MUJER

Avda. de América, 10 bajo
15800 Melide A Coruña

881 162 676



Con este programa lograremos reducir o paro en Toques

1 – POLÍGONO INDUSTRIAL, CENTRO DE DÍA E GARDERÍA

2 -CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS SOCIAIS. REHABILITACIÓN DE CASAS RURAIS CON ALUGUERES DE BAIXO CUSTE PARA XÓVENES

3 – SANEAMENTO INTEGRAL DE TODO O CONCELLO

4 – PROMOCIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA E DO COOPERATIVISMO, ASESORAMENTO GANDEIRO, DESMINUCIÓN DA REDE NATURA

5 – MANTENEMENTO DAS ESTRADAS E PISTAS MUNICIPAIS

6 – MANTENEMENTO E AMPLIACIÓN DAS ACTIVIDADES DE LECER DOS NOSOS MAIORES

7 – CURSOS DE FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PROFESIONAL PARA OS NOSOS XÓVENES

8 – PROMOCIÓN TURÍSTICA E POTENCIACIÓN DO CAMIÑO PRIMITIVO COA CREACIÓN DUN ALBERGUE

9 – MELLORA INTEGRAL DO COLEXIO PÚBLICO, MANTENEMENTO DOS CURSOS DE INFORMÁTICA, AXEDREZ... AXUDAS MATERIAL ESCOLAR

10 – DAR A COBERTURA MÁIS AMPLA POSIBLE PARA AXUDA A DOMICILIO E AS EMERXENCIAS SOCIAIS



Cultura destina só 44.000 euros ao arranxo das casas da Praza das Coles

Non acometerá as reformas comprometidas do Leboreiro e Furelos

A voceira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez, informou recentemente de que a Consellería de Cultura destinará 44.000 euros para os inmobles da Praza das Coles.

Esta información contrasta coa feita pública polo Xacobeo en febreiro de 2009, cando anunciara que destinaría uns 435.000 euros para reformar as vivendas e destinalas a fins museísticos. Dende o Concello aseguraron que Patrimonio aprobou os permisos para executar as obras en maio de 2009. Ademais, o proxecto e a maqueta da actuación -presentados pola arquitecta responsable en febreiro de 2009- están en posesión do Concello de Melide.

A rexedora melidense, Socorro Cea, amosouse “moi sor-



O estado das casas da Praza das Coles é ruinoso

prendida e decepcionada” ante o anuncio feito polo PP, que indicou que as actuacións programadas consistirán na construción dunha nova cuberta, colocación de canalóns, revestimento da fachada, fixación dos balcóns e aleiros e retirada de cascallos interiores.

Cea dixo que “velará para que non se cree un esqueleto de fachada co interior derruído e baleiro” e reclamou unha “actuación integral”.

Reunión co Xacobeo

A alcaldesa reuniuse coa nova

xerente do Xacobeo, María Camiño Triguero, quen confirmou que a Xunta non executará os proxectos de reforma integral dos núcleos de Furelos e O Leboreiro, que o anterior goberno autonómico tiña orzamentados nos presupostos de 2008, por importe de 1,7 millóns e 992.000 euros respectivamente.

Cea criticou “o importante recorte que está recibindo Melide en investimentos que estaban xa orzamentados polo anterior goberno autonómico”.

Estrea do auditorio da Casa da Cultura en maio

O goberno melidense anunciou que o auditorio da Casa da Cultura se abrirá ao público no mes de maio. Fontes municipais informaron de que as obras desta fase, que conta cun investimento de 340.000 euros, avanza “a bo ritmo”. Os traballos céntranse na posta a punto do auditorio, o patio de butacas e o escenario, que segundo o goberno local son as partes máis demandadas pola veciñanza.

O actual equipo de goberno modificou o proxecto inicial da infraestrutura, na que se contemplaba un foxo para músi-

cos debaixo do escenario, e habilitou neste espazo unha aula de baile e un segundo escenario de dimensións máis reducidas que o principal.

3 millóns de euros

O Ministerio de Cultura aportará 500.000 euros para o remate final do edificio -o goberno local está pendente de asinar o convenio-, polo que o montante total da inversión nesta infraestrutura “faraónica” ascenderá a 3 millóns de euros, segundo confirmou recentemente a alcaldesa melidense, Socorro Cea.

Elevada participación no VI campeonato Terra de Melide



Foto de grupo dos participantes no río Furelos

A sexta edición do campeonato de pesca Terra de Melide, que organiza a Asociación de Troiteiros Río Furelos, foi todo un éxito de participación. Ó concurso presentáronse un total de 113 persoas, malia que ó final só puideron participar 15, o máximo de cupos dos que dispón o couto.

O gañador deste ano foi Jesús Rouco Varela, ‘O Cardeal’ de Toques, que capturou

9 troitas. O segundo clasificado foi Jesús Pampín Negro de Melide, con 7 capturas, e o terceiro posto foi para Inocencio Lamas Aller de Curtis que pescou 5 troitas.

O premio pola mellor captura foi para Antonio Sánchez Carril de Arzúa, que pescou unha troita de 30 centímetros.

Dende a organización amosaron a súa satisfacción polo éxito do campeonato.





Tenda degustación de queixo e produtos artesanais de calidade
Novas intalacións en Rúa San Pedro, 16 Melide

Tenda Tlf/fax: 981505723
 Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantóna
 15809 Santiso
xebre@telefonica.net



Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
 Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
 E-mail: a.contrapelo@galicia.com

PARA QUE GAÑE TOQUES.



VOTA

**PSG
PSOE**



Emilio Ares Rico
Candidato á Alcaldía de Toques.



MELIDE

Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego volven enfrontarse pola alcaldía melidense

Prevense unhas eleccións moi igualadas en Melide, nas que, ó igual que ocorrera no ano 2007, o PP e o BNG volverán disputar o bastón de mando. Terán que chegar aos sete concelleiros para acadar a maioría absoluta. Pola súa banda, o PSOE volverá ser, salvo sorpresa, a terceira forza.

As listas van encabezas das polas mesmas caras que hai catro anos, pero están profundamente renovadas en tódolos casos.

A delicada situación económica do Concello estará omnipresente nos discursos dos tres candidatos durante toda a campaña, que será decisiva de cara as votacións.



OS DATOS

Corporación actual e votos recibidos nas eleccións municipais de 2007

PP	6 edís	(2.443 votos)
BNG	6 edís	(2.168 votos)
PSOE	1 edil	(499 votos)
CldeGA	0 edís	(213 votos)

O PP comprométese a reducir un 30% os gastos dos políticos



Ánxeles Vázquez, candidata á alcaldía melidense polo PP, intentará retomar o bastón de mando, ó que accedeu hai seis anos da man de Miguel Pampín.

Vázquez acometeu unha profunda renovación das filas populares, nas que apenas quedan membros da época de Pampín. Con respecto á lexislatura que agora remata, só hai catro persoas que forman parte da nova lista.

A candidata popular destaca que se trata dun grupo cunha media de idade baixa. “Un dato significativo é que hai cinco persoas que non chegan aos 30 anos”.

De facerse coa alcaldía, a primeira medida que tomará Vázquez será realizar unha auditoría para coñecer o estado real das contas públicas.

Entre os obxectivos que estableceu o PP me-

lidense está a aprobación do PXOM ou a construción dun novo centro médico con máis especialidades. Ademais, comprométese a reducir un 30% os gastos destinados ós políticos. “Non haberá tantas dedicacións exclusivas”.

“Se gobernamos sempre vai ser en solitario. Nós non imos formar un matrimonio de conveniencia como o que hai agora mesmo”, indica a alcaldable popular, que destaca que gobernarán “por e para todos os melidenses”.

Vázquez é optimista de cara ós resultados que o PP acadará o 22 de maio. “Iniciamos a campaña coa idea de mellorar os resultados das anteriores eleccións. Cun pouquiño de traballo conseguiremos, porque no 2007 quedamos a moi pouco de conseguir a maioría absoluta”.

O BNG pide outra lexislatura para culminar o seu proxecto



“Non temos un proxecto estrela nin grandes promesas. Non é serio nin responsable prometer grandes obras que ó final non se poidan levar a cabo”. Así se posiciona Socorro Cea Vázquez, actual alcaldesa e candidata á alcaldía polo BNG, ante o comezo da campaña electoral. “Imos explicar o que se fixo durante estes catro anos. Queremos que a xente coñeza tódalas obras que se fixeron e que logo valoren e decidan libremente a quen votar”.

O BNG melidense fixo unha notable renovación nas súas filas. Dos actuais concelleiros, só dous máis a alcaldesa continuarán nos primeiros postos. Os tres restantes pasan a ocupar postos de suplentes. Cea resalta que todo o equipo que lidera se “adica a traballar por e para Melide”.

“Imos gobernar con honradez como o viñemos facendo dende o 2007”.

Para a nova lexislatura propoñen un programa de continuidade, no que establecen 20 prioridades, entre as que destaca a aprobación do Plan Xeral, coa creación de máis solo industrial, zonas verdes e aparcadoiro público na zona antiga da vila. Apostan pola mellora das comunicacións con Sobrado e por continuar coa mellora de rúas na vila.

Os nacionalistas amósanse optimistas de cara ós resultados das urnas e apostan por acadar a maioría absoluta. Preguntada sobre a posibilidade de repetir un pacto de goberno, Cea asegura que “en principio, non habería problema”. “Neste mandato demos un bo exemplo a outros concellos. Foi un mandato moi positivo”.

O PSOE preséntase cunha lista renovada na práctica totalidade



O PSOE de Melide levou a cabo unha renovación completa de filas de cara ás vindeiras municipais. O cabeza de lista, Manuel Prado Puga, é o único membro que repite con respecto a 2007. Prado considera que a renovación “é positiva”, xa que insufla aire fresco ó partido e non prevé que sexa un factor negativo de cara á obtención de votos. Afirmar que se trata dunha candidatura “completa, en tódolos sentidos” e formada por “xente honrada e humilde”.

No programa electoral co que concorren os socialistas melidenses destaca a mellora de infraestruturas básicas, como as vías de comunicación entre os núcleos das distintas parroquias e a dotación de redes de saneamento e abastecemento de augas. Apostarán por fomentar

as concentracións parcelarias privadas, nas que os veciños poderán ordenar os seus terreos, coa vantaxe de evitar os dilatados procesos de concentración habituais.

No referente ao casco urbano, Prado destaca o proxecto de construción dun aparcadoiro subterráneo no Cantón de San Roque. Unha infraestrutura cuxa execución sería consultada aos veciños e que, de facerse, sería en réxime de concesión.

A construción da depuradora para o polígono e a súa delimitación, e un centro médico novo son outros obxectivos do PSOE melidense.

Sobre as expectativas de cara ós comicios, Prado di que “saímos a gañar o partido, o 22 de maio os votantes poñerannos onde consideren oportuno, e a partir de aí examinaremos as opcións de goberno que hai”.



SANTISO

Os veciños miran de reollo ó transfuguismo nuns comicios ós que concorren catro partidos

A sombra do transfuguismo permanece moi presente entre os veciños de Santiso, que din ter certas dúbidas para outorgar o seu voto a calquera dos catro partidos políticos que concorren aos comicios. A poboación amósase bastante desconfiada ante o destino final do seu voto, por iso os políticos terán

que loitar contra a abstención.

Tres alcaldables que se estrean -PSOE, BNG e IS- e outro, o actual alcalde, que cambia de siglas, de CIS a PP.

Conseguir o aprobado definitivo do PXOM e frear o despoboamento do concello están presentes nos programas das catro formacións.



OS DATOS

Corporación actual e votos recibidos nas eleccións municipais de 2007

PP	5 edís	(722 votos)
CIS	3 edís	(384 votos)
PSOE	2 edís	(353 votos)
BNG	1 edil	(200 votos)
Terra Galega	0 edís	(40 votos)

O PP pecha a porta a participar nun goberno multicolor e aposta por acadar a maioría absoluta



O Partido Popular de Santiso preséntase con Ovidio Leiva como alcaldable. A renovación da candidatura é parcial, xa que a Leiva o acompañan varias das persoas que integraron na presente lexislatura a Candidatura Independente de Santiso (CIS).

Os populares proxectan distintas actuacións no sector primario, na construción, no desenvolvemento

industrial e no turismo. A posta en marcha dunha cooperartiva de horta e do polígono industrial no Maniño son algúns dos principais obxectivos

Leiva non cre que o cambio de siglas poida afectarlles negativamente, xa que “a vida dos cidadáns de Santiso cambiou totalmente dende que está o PP na Xunta”. “O goberno bipartito da Xunta foi un auténtico despropósito para Santiso”, razona.

O alcaldable popular descarta un pacto de goberno como o que rexeu o concello durante estes catro anos. “Non temos previsto que haxa pactos. Non imos participar nun goberno de moitas cores”. O actual rexedor confía no aval destes catro anos “de traballo” e amósase optimista de cara ás súas posibilidades nas urnas. “Creo que imos sacar maioría”, afirma rotundo.

O PSOE promete transparencia e destaca a súa limpeza ante os casos de transfuguismo



Fernando Suárez Cortiñas dou o salto á política municipal para liderar o PSOE de Santiso. Coñece ben os segredos deste mundo ao levar traballando 35 anos no Concello.

Suárez presenta ó seu equipo -renovado ao 50% sobre a listas das anteriores eleccións- como “un grupo de persoas perfectamente válidos, capacitados e solventes para levar adiante un

proxecto de cambio e renovación dun Santiso que pide paso a xente que saiba xestionar os recursos cos que conta de forma digna e transparente”. Precisamente, compromete “transparencia en tódolos sentidos” e recalca que o PSOE “foi o único partido que respetou a vontade dos seus votantes. Nunca se prestou nin a compras nin a vendas de ningún tipo e seguirá sendo así”, afirma tallante en relación aos casos de transfuguismo dos últimos anos.

As principais liñas do programa socialista inclúen a potenciación das políticas sociais, a axuda á agricultura e gandería, o apoio á creación de empresas e a creación de emprego e formación. “Son consciente de que pode haber programas máis ambiciosos, pero eu quero cumprir o que presente no meu programa”, afirma Suárez.

O BNG pretende unha maior participación da veciñanza no funcionamento do concello



As do 22 de maio serán as primeiras eleccións municipais nas que Manuel Adán López se presenta como cabeza de lista do BNG de Santiso.

A candidatura está formada por 19 persoas, “un grupo de xente nova, preparada e con estudos, e o que é máis importante, con moitas gañas de traballar”. A renovación da lista con respecto ás anteriores eleccións é case

total, xa que só repiten tres membros.

Os nacionalistas de Santiso comprométese a “dar un enfoque distinto” ao funcionamento do concello, facilitando a participación dos veciños.

En canto ós proxectos do seu programa, dan prioridade á construción dun centro de día e do polígono industrial. “Hai que favorecer que se asentem empresas e que a xente se quede a traballar aquí”. Tamén buscan impulsar a construción de vivendas unifamiliares para frear o éxodo da poboación a outras vilas. A mellora da rede viaria, a ampliación da rede de saneamento e o arranxo dos locais sociais das parroquias son outros dos seus obxectivos.

Adán asegura que o BNG está “moi ben situado” de cara ós próximos comicios e, se ben desbota un pacto co PP, non descarta aliarse co PSOE.

Independentes por Santiso aposta por unha administración axustada dos recursos públicos



“Non imos desperdiciar os cartos públicos. Imos administralos como se foran da casa de cada un de nós, axustándonos ós tempos de crise nos que vivimos”. Así se presenta María del Carmen Curros Mendoza, a alcaldable de Independentes por Santiso. Asegura que non están movidos por intereses políticos ou económicos particulares.

A candidatura está formada por doce

persoas, varios deles xa inmersos no mundo da política local, como é o caso da cabeza de lista -que foi concelleira co anterior alcalde Ramón Villar-, aínda que a maioría son debutantes. “Somos un grupo de xente competente e coherente”, que se presentan ás eleccións debido “á gran incertidume que hai en Santiso, xa que os veciños non saben a quen votar despois de tantos casos de transfuguismo que houbo”.

As súas preocupacións céntranse no impulso á agricultura e á gandería e a mellora dos servizos sociais. Curros destaca a necesidade de que Santiso conte cun centro de día para os maiores, debido ao crecente avellentamento da poboación.

Outro dos piares do seu programa é a mellora do acceso a Internet en todas as parroquias do municipio.



SOBRADO

Debate entre a cuarta lexislatura para o PP ou ruptura co pasado de man de BNG e PSOE

Tres lexislaturas, doce anos leva gobernando o PP en Sobrado dos Monxes. Os veciños debátese entre optar pola continuidade, e chegar a 16 anos de goberno conservador, ou dar un xiro á esquerda e dar o seu voto ó BNG ou ó PSOE. Ben é certo que entre varios sectores da poboación respírase un

sentimento de resignación ante un goberno que se atopa bastante acomodado á fronte da Administración local. Cren que o concello precisa un cambio de cores políticas, un cambio de gobernantes que insuflen aire fresco a este municipio, que vive a caballo entre Melide e a montaña coruñesa.



OS DATOS

Corporación actual e votos recibidos nas eleccións municipais de 2007

Partido Popular	7 edís	(1.059 votos)
BNG	3 edís	(478 votos)
PSOE	1 edil	(179 votos)
Cidadáns de Galicia	0 edil	(66 votos)

O PP quiere revalidar a maioría e mellorar o resultado do 2007



“Non podo prometer moitas cousas porque vivimos tempos moi difíciles. O único que si que podo prometer é traballo”. Así se presenta o actual alcalde e cabeza de lista polo PP, Jacobo Fernández.

Leva doce anos como alcalde e esta será a quinta lexislatura que se presenta para facerse co bastón de mando do Concello de Sobrado, a primeira vez foi nunha candidatura independente, e as catro últimas nas filas do PP. “Nisto nunca se é veterano”, afirma e deixa entrever que a súa retirada está aínda lonxe.

Fernández resalta a aprobación do PXOM - en maio de 2010- como o logro máis importante desta lexislatura que agora remata. “É un instrumento importante, que nos facilita as funcións de goberno en va-

rias áreas”, indica. Neste senso, apunta a “esperar a que a situación mellore” para dar un novo impulso á construción de vivenda no municipio.

Entre os seus principais proxectos sitúa a construción dunha gardería e dun centro de día; a ampliación da estrada que une Sobrado con Corredoiras e finalizar a concentración parcelaria da parroquia de Grixalba.

O candidato popular aspira a renovar a maioría e mellorar os resultados do 2007, cando obtiveron 7 edís. Amósase confiado de poder acadar este obxectivo, aínda que asegura que “tódalas eleccións son distintas entre si”.

En canto ós pactos de goberno manifesta “non ter problema cos demais partidos. Se se dera o caso tería que primar o ben do concello”.

O BNG aposta por dinamizar o sector comercial da localidade



Lisardo Santos é o único dos tres candidatos á alcaldía de Sobrado que se estrea. É a primeira vez que forma parte dunha formación política e faino para ser o cabeza de lista do BNG, que actualmente conta con tres edís.

Presentan unha lista con caras novas na súa maioría -só repiten seis persoas das que concorreron ás anteriores eleccións- e cunha media de idade “baixa”.

Unha das principais bazas para acadar a alcaldía é a dinamización do comercio da localidade. Apostan pola creación de comercios que oferten servizos que ata agora non hai na vila. “Apoiaríamos e daríamos facilidades a aquelas persoas que quixeran montar un negocio. Por exemplo, na actualidade non hai ningunha pescadería en Sobrado”.

O programa dos nacionalistas contempla tamén a mellora das infraestruturas viarias, en concreto das estradas que unen a vila con Friol e Corredoiras. Ademais darán prioridade á creación dunha escola infantil e dun centro de día.

Santos comprométese a abordar a situación da firma Gestán e a polémica sobre o vertedoiro de As Pías. “Foi concebido como un centro para tratamento dos residuos da construción e agora converteuse nun auténtico vertedoiro”, critica. “E aporta escasos beneficios económicos a Sobrado”.

O obxectivo do BNG é acadar catro edís. “Pensamos que a xente nos vai responder ben”. Sobre os pactos di que “aínda non plantexamos esta cuestión, segundo os resultados tomaremos unha decisión ou outra”.

Sanidade, educación, industria e emprego son os eixes do PSOE



Alejandra Fernández concorrerá por segunda vez á alcaldía de Sobrado representando ó PSOE. Actualmente, é a única edil que o grupo socialista ten na corporación municipal.

Xunto a ela, integran a candidatura dez persoas máis. “Es una lista mixta, combina gente de atrás con novas incorporacións. Hay gente joven y muy representativa de la situación actual del municipio”.

Fortalecer os servizos públicos, sobre todo no referente á sanidade e á educación é a máxima prioridade para a candidatura socialista.

No plano económico, céntranse en impulsar a creación dun polígono industrial, contemplado xa no Plan Xeral do concello. “Sería un aliciente para que empresas de fuera, o de los propios vecinos, se establecieran

en él y se crearan puestos de trabajo. Ayudaría a que creciera el pueblo”. Fernández critica a pasividade do goberno actual ante este asunto. “Desde el gobierno no les parece interesante desarrollar el polígono”.

O obxectivo final é facer de Sobrado un concello atractivo para as empresas e familias, evitando así que aumente o despoboamento.

Preguntada polas expectativas de cara ós resultados, a alcaldable socialista asegura que “nada está ganado ni perdido”, e promete “poner sobre la mesa lo mejor que tenemos”.

Sobre as alianzas entre partidos, afirma que “en principio, no contemplamos ningún tipo de pacto. Llegado el momento se verían las posibilidades, pero con el Partido Popular no vamos a pactar”.



TOQUES

Optan á alcaldía as mesmas formacións que no 2007, con renovación parcial das súas listas

En Toques, os veciños terán a posibilidade de escoller entre os mesmos partidos que se presentaron nos anteriores comicios. As listas de cada unha das catro formacións foron parcialmente renovadas e só continúa un dos alcaldables que se presentara no 2007, o candidato do PP e rexedor nos dous últimos

anos, Jorge Calvo. No ambiente pálpase bastante incertidume sobre o futuro goberno. Hai quen ve gañadores por clara maioría e outras fontes apuntan á consolidación de partidos que nun comezo se vían como minoritarios. Os toqueses queren recuperar a ilusión perdida co actual tripartito.



OS DATOS

Corporación actual e votos recibidos nas eleccións municipais de 2007

PSOE	2 edís	(278 votos)
PP	2 edís	(260 votos)
BNG	1 edil	(133 votos)
X.C.P.T.	4 edís	(523 votos)

Agricultura, turismo, vías de comunicación e afianzar a poboación son os eixes do PSOE



“El PSOE de Toques no podía quedar sin presentarse después de dos años en el gobierno. Además sería el único municipio de la provincia de A Coruña en que no hubiera candidatura socialista”. Así responde Emilio Ares preguntado polos motivos que o levaron a dar un paso adiante e encabezar a candidatura socialista toquense.

Ares, alcaldable socialista en Melide

hai agora dúas décadas, lidera unha lista renovada nun 60% en relación ás municipais de 2007.

O seu programa baséase en catro eixes para dinamizar a economía toquense: o fomento da agricultura ecolóxica, a promoción do turismo, a mellora das vías de comunicación e o aumento da poboación do concello.

O alcaldable socialista cre que os dous anos de goberno do anterior candidato, Miguel Buján -que se recupera dun problema de saúde- foron moi positivos para Toques. Precisamente, recalca que “lo acogeremos con los brazos abiertos y en el lugar que eél crea oportuno cuando se recupere”.

Ares preséntase disposto a pactar co resto de opcións e afirma que, de obter o bastón de mando, ofrecerá participar no goberno a cada un dos partidos.

O PP promete reducir o paro na localidade a través de dez actuacións estratéxicas



A que comece a partir do día 22 de maio será a segunda lexislatura para Jorge Calvo como cabeza de lista do PP de Toques, que na actualidade é alcalde do municipio.

Os populares presentan unha candidatura composta por nove titulares e oito suplentes. A lista está “bastante renovada”, xa que dos nove primeiros postos só repiten tres persoas en rela-

ción á anterior lexislatura.

O programa do PP toquense baséase en dez puntos estratéxicos. Entre estas actuacións dan prioridade á creación dun polígono industrial, un centro de día e unha gardería; a construción de vivendas sociais e a rehabilitación de casas con alugueres de baixo custe para os mozos. Ademais promoverán unha diminución dos espazos integrados na Rede Natura, xa que “interrumpen el trabajo agrario”, segundo Calvo. Farán un estudo para propoñer a restrición das áreas protexidas, pero será a Xunta -a Administración que ten competencias neste ámbito- a que tome unha decisión sobre este asunto.

“Nuestra idea es gobernar, pero primero hay que ver lo que sucede en las elecciones”. A priori, Calvo non se posiciona partidario a pactos de goberno.

O BNG presenta unha lista paritaria e prioriza a creación de emprego e o desenvolvemento local



José Ángel Penas García é o novo representante do BNG toquense, que se presenta ante os veciños como unha forza “comprometida con todos”. A candidatura nacionalista está composta por dez persoas -nove titulares e un suplente-, na que hai catro caras novas con respecto ás eleccións de 2007. É a única das catro candidaturas do concello que cumpre o criterio pari-

tario, con metade de homes e mulleres. “É unha lista de xente moza, cunha media de 34 anos, con moitas gañas de traballar”.

A creación de emprego, a fixación da poboación e o desenvolvemento local son as prioridades do BNG toquense, que tamén aposta por dar apoio ás empresas que se instalen na vila.

Penas considera que o goberno tripartito “non foi tan bo para Toques como se prevía”. “Foi un pacto antinatural que non levou a nada e ó final quedaron truncadas as ilusións de moita xente”. Deste xeito, non se amosa partidario de revalidar o pacto de goberno actual. “Ou gañamos as eleccións ou non lle daría a alcaldía a ningún partido”. Os nacionalistas cren que os resultados estarán moito máis igualados que nos anteriores comicios.

Xuntos Cara o Progreso de Toques postúlase como alternativa a unha alianza tripartita



José Antonio Castro é o novo candidato da formación independente Xuntos Cara o Progreso de Toques. Estas eleccións supoñerán a súa estrea na política local.

Castro estará acompañado por outras once persoas. Só un 25% dos compoñentes xa formaron parte da lista nas anteriores municipais.

As directrices que van guiar os inde-

pendentes céntranse no arranxos dos viais que unen as distintas parroquias e das comunicacións das explotacións gandeiras coa rede de estradas principais, a construción doutra fase de vivendas de protección oficial e dun polígono industrial. Tamén negociarán coas entidades financeiras para acadar a instalación dunha sucursal dun banco ou caixa en Toques.

“O noso obxectivo é gañar por maioría, para non ter que pactar. Nós só-molo inimigo a batir”. Castro amósase confiado nos bos resultados da formación que representa. Prevé acadar un resultado de “5 ou 6 edís”.

“Representamos o contrapacto. Nestes catro anos houbo un goberno a tres, no que non se sabía nin quen mandaba”. O alcaldable independente rexeita totalmente establecer alianzas.



IMPRESINDIBLES DEL PEREGRINO



PALAS DE REI



Vilar de Donas

PENSION VILARIÑO



VILARIÑO

AVDA. COMPOSTELA, 16
PALAS DE REI (LUGO)

TEL.: 982 38 01 52
FAX: 982 38 09 73

pensionvilario@gmail.com
www.pensionvilario.es.tl



Castelo de Pambre

MELIDE

CASA DE LOS SOMOZA
TURISMO RURAL



CASA DE LOS SOMOZA

Tfno./fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 59 20 90
Coto - Leboeiro - MELIDE (A Coruña)

MESÓN O TOXO



Rúa Codeseiro, 45 - 15800 MELIDE (A Coruña) - Tfno.: 981 50 63 73

Estamos en:
Calle La Paz, 1 Baje
MELIDE

Cafetería BUJAN

HOSPEDAJE
Telf: 682 728 620

Comidas Caseras
Menú especialidad de la casa

HOTEL Restaurantes

Xaneiro

PX **HX**

Pensión Xaneiro, s.l.
Tel: 981 50 50 15
San Pedro, 22 - Melide

Hotel Xaneiro, s.l.
Tel: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
Avda. de la Habana, 43 - Melide

• HABITACIONES CON BAÑO Y TV • CANTINA • APT. ACCOMMODATING
• AUTO • AL. PARA MENSAJERÍA • TELEFONO EN TODAS LAS HABITACIONES
• INTERNET • ACCESO A INTERNET • WIFI EN TODAS LAS HABITACIONES

www.xaneiro.com hotelxaneiro@xaneiro.es

PRÓXIMA INAUGURACIÓN

SAPO LAMBON



CERVEXERÍA - TAPERÍA

Taboada Roca, MELIDE

Mahou
★★★★★

ARZÚA

mesón
restaurante

VENUS




Teléfono 981 500 583
Móvil 629 509 152
Fax 981 501 042

15810 Arzúa (A Coruña)
E-mail: arzuasap@xaneiro.com
www.venusarzu.com



Ribadiso



Europa
Pulpería - Parrillada



Reservas
Comidas para llevar
telf. 679 70 76 19
telf. 639 409 226
telf. 981 938 872
Luis Seoane, 3
15810 - Arzúa (A Coruña)

www.parrilladaeuropa.com
parrilladaeuropa@gmail.com

IMPRESCINDIBLES DEL PEREGRINO EN MELIDE



Ponte románica de Furelos



Centro da vila



Praza do Convento

50º ANIVERSARIO
Pulpería EZEQUIEL e hijos
Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 686 58 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Pousada Chiquitín

- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es

Albergue Turístico

Albergue Turístico O Apalpador

Rúa San Antón, 22
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno. reservas:
879 837 989
(por correo electrónico)

albergueoapalpador@hotmail.com
www.albergueoapalpador.com

Camas Comidas

PARRILADA EL MOLINO

Habitaciónes con:
Calefacción
Televisión
Baño

Rosalía de Castro, 15. Telf.: 981 50 60 48 MELIDE (A Coruña)

Pulpería A GARNACHA

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

Yo he dejado mi huella en Melide y en Pulpería "A GARNACHA" me acordaré de ti

Especialidades:
desayunos
Bocadillos calientes
y tapas

STOP
Wineoteca
Calle San Antón, 3
15800 MELIDE

RESTAURANTE - PULPERÍA ALONGOS II

Especialidade en cocina galega tradicional desde 1952
PULPERÍA: BACALADO COCIDO (por encargo)
CARNE DE BOI À PEDRA

Avda. de Lugo, 22
MELIDE (A Coruña)

Tel: 981 50 75 30 - Móvil: 615 36 00 89

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Tfno.: 981 50 70 05
Cantón de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

CAFETERIA CHAPLIN

25 ANIVERSARIO
1986 - 2011

Os concellos da zona reciben 140.000 euros para infraestruturas rurais

Medio Rural asinou o PEIM nun acto con varios alcaldes da provincia

Os catro concellos da comarca -Melide, Santiso, Sobrado e Toques- recibirán preto de 140.000 euros no marco do plan sobre Proxectos Estratégicos de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM).

Os convenios para a recepción destas partidas foron asinados a finais de marzo entre o conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, e os respectivos alcaldes, nun acto celebrado en Ordes.

Por concellos, o que recibe a partida máis elevada é o de



Arranxo dun vial en Melide con cargo ós fondos do PEIM

Melide, con preto de 52.700 euros. Séguelle o de Sobrado, con 43.400 euros. O Concello de Santiso dispoñerá de algo máis de 25.300 euros e o de Toques de 18.120 euros.

Parcelaria de Pezobre

Despois de case 20 anos, os

propietarios de fincas na parroquia de Pezobre (Santiso) xa teñen no seu poder os títulos da concentración parcelaria. O proceso permitiu reducir o número de fincas en case un 80%, ao pasar de 3.400 a 754, segundo indicou a consellería de Medio Rural.

IMAGÍNAATELO

Pintura de exterior interior
Barnices y lacas
Suelos laminados
Alta decoración
Maquinaria, herramientas y complementos
Papel pintado

Descuento especial de hasta el **40%**

Venta al particular directamente de fábrica

El Mundo del Pintor

110 FABRICANTE DE PINTURAS CON MÁS DE 80 TIENDAS EN TODA ESPAÑA
Avda. de Lugo, 43 - MELIDE - TLF.: 981 50 90 77

iquigasa
TEL: 988 35 11 74 - 988 38 12 88
FAX: 988 38 11 09



Dr. Ángel Riveiro Pérez
DIRECTOR MÉDICO

Praza das Universidades, 5 bajo
15800 Melide. A Coruña
Tel. y fax: 981 506 228
Móvil: 696 422 484
E-mail: angelriveiro@furnet.es

- Medicina general:
Adultos
Infantil
- Análisis clínicos
- RX y ecografía
- Enfermería / ATS
- Reconocimiento médico laboral:
Empresas
Autónomos
- Concierto con:
Cías. de seguros médicos privados
Mutuas laborales
- Valoración de accidentes / Daño corporal

ESPECIALIDADES:

- Urología
- Ginecología
- Podología
- Psicología
- Fisioterapia y osteopatía

PSICOTÉCNICO PARA CONDUCTORES

CENTRO AUTORIZADO - POLA
CONSELLERÍA DE SANIDADE DOV.
Nº DE REGISTRO: C-15-001524

Psicotécnico

Mozos de Toques e Santiso estiveron en Cabárceno



Foto do grupo no parque natural de Cabárceno (Cantabria)

Un grupo de mozos dos concellos de Toques e Santiso participaron recentemente nunha excursión ao parque natural de Cabárceno, situado en Cantabria. Ademais de percorrer o recinto, onde se poden contemplar unha gran variedade de especies animais, entre os que hai elefantes -os rapaces participaron nunha actividade con elefantes africanos-, os mozos visitaron tamén unha reconstrución a escala natural

das covas de Altamira no museo da localidade, xunto coas covas prehistóricas de 'El Soplao', coñecidas polas súas estalactitas e estalagmitas.

O grupo tamén fixo unha visita á cidade de Santander, onde percorreron o parque da Magdalena, que ten animais mariños en cativeiro. Tamén viron o museo que actualmente alberga o pazo que fora antiga residencia do monarca Alfonso XIII.

Éxito do primeiro torneo de fútbol 3x3 Aires da Beseña



Parte dos xogadores que participaron no torneo

O primeiro torneo de fútbol 3x3 Aires da Beseña contou con boa participación e importante asistencia de público.

En total participaron catro equipos, debido á baixa de última hora de dous dos grupos inscritos, polo que os organizadores optaron polo sistema de liguiña de todos contra todos para determinar os gañadores.

Con 13 puntos, o equipo gañador foi o Lareira, -integrado por veciños de Santiso e

Arzúa. A tan só un punto quedou o segundo clasificado, o Makavi de Levantar. No terceiro posto, con 8 puntos, situouse a Unión Deportiva Santiso, que xunto co segundo estaba formado integramente por veciños de Santiso. O último clasificado foi o Sporting de Lijón.

O presidente da asociación Aires da Beseña, Pablo Balboa, destacou o bo comportamento dos xogadores no primeiro torneo de 3x3 na comarca.

Sobrado constitúe a Mesa Local de Comercio

O Concello de Sobrado constitúe recentemente a Mesa Local de Comercio, un novo órgano estipulado na nova normativa do sector. Está integrada polo alcalde, Jacobo Fernández, a presidenta da Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais de Sobrado, M^a Jesús García Souto, a representante da asociación de Consumidores e Usuarios Catasol de Melide, M^a del Carmen Vázquez Pandelo, os concelleiros José Ovidio Cabanas Rodríguez e Esteban Ramos Seoane, o xefe territorial de Medio Rural na Coruña, Enrique Luís de Salvador Sánchez e o axente de Emprego e Desenvolvemento Local do concello, Oscar Ibán Ramos Seoane.

Este novo órgano será o marco de colaboración e coordinación entre a administración local e o sector comercial.

VOTA BNG DE SANTISO



1. Manuel Adán López
2. Pablo Balboa Oro
3. José Manuel Carral Paz
4. María Iglesias Varela
5. David Fernández Carril
6. Lucrecia Méndez Silva
7. José Ignacio Adán Carril
8. Paula Lorenzo Pazos
9. Laura Pazos Pintor

Suplentes

1. Rubén Rouco Iglesias
2. Marcos Cordido Sanguiao
3. Jesús Ignacio Regueiro
4. Jesús Pablo Núñez Paz
5. Juan Carlos Oro Varela
6. José Luis Martínez
7. Jesús Martínez Carril
8. Daniel López Nieto
9. José Quintela Varela
10. Amadeo Luís Vázquez

Melide, doce por tradición

Os produtores traballan, xunto co Concello, para conseguir o recoñecemento oficial da festa

‘Melide, doce por tradición’. Este é o lema baixo o que se celebrará este ano a Festa do Melindre e Repostería Tradicional da Terra de Melide o vindeiro 8 de maio. Esta será a vixésima edición do certame de exaltación dos produtos máis típicos de Melide.

Nos últimos anos, o evento gastronómico recibiu un fondo impulso por parte da organización, que actualmente corresponde ó Concello en colaboración coa asociación de produtores ‘Melide, terra doce’. Precisamente, na última edición produciuse un paso de importancia decisiva ó constituírse esta asociación, que



Membros da asociación de produtores no Museo de Furelos

aglutina ás catro casas de repostería tradicional melidense -Estilo, Melchora, Tahona e Trisquel- e que ten como obxectivo preservar a tradición na elaboración dos ricos -postre exclusivo de Melide-, melindres e amendoados e a promoción da súa festa.

Os representantes das casas reposteiras -Alberto do Estilo, Manola de Melchora, Alberto da Tahona e Román de Trisquel- reuníronse nun encontro con Cerne para avaliar a evolución da festa nestes 20 anos.

Recordan as primeiras edicións, nas que a festa, que ri-

vera un gran auxe, se celebraba no cruce. Logo trasladouse ao Pazo de Congressos, onde se complementaba con mostras e exposicións de temática variada. Cren que a festa volveu ó lugar idóneo, a Praza do Convento, xa que permite que máis xente se achegue ó centro da vila.

En canto ó papel do colectivo de produtores, aseguran que servirá para manter intacta a tradición na elaboración dos postres, xa que contan coa certificación dun laboratorio independente que realiza periódicos controis de calidade ós produtos.

Recalcan que ‘Melide, terra doce’ está aberta á incorporación de novos membros, sempre e cando cumpran cos criterios de elaboración e calidade dos produtos que se poñan á venda.

Este ano intensificarán a labor de promoción, ó distribuír de xeito gratuíto en todas as habitacións de pensións e hoteis de Melide un paquete

con ricos, melindres e amendoados durante a fin de semana na que se celebra a festa. Ademais, están negociando cos establecementos hostaleiros da vila incluían nas súas cartas de postres os melindres como opción preferente.

Programa de actos

Este ano, as actividades da Festa do Melindre comezarán ás 12.00, coa apertura dos postos de venda de repostería e artesanía e co pasarrúas a cargo de Axóuxere e do grupo Os Melidaos.

O encargado de ler o pregón será o coñecido actor de libro de familia Manuel San Martín, que encarna a Manuel Cabanas na serie. Ás 13.00 horas terá lugar a homenaxe ao oficio dos telleiros de Furelos, Piñor e O Leboreiro, ós que se adica este ano a festa. Na entrada do Concello, ás 14.00 e ás 18.00 horas, proxectarase o documental ‘As telleiras’, no que se recolle a tradición deste oficio nas aldeas melidenses.

Cafetería y Pastelería
Estilo

Tfno.: 981 505 153
C/. Progreso, 6

15800 MELIDE (A Coruña)

MELINDRES - RICOS
ALMENDRADOS

Casa Melchora



Tfno.: 981 50 78 29
Rúa Camiño de Ovedo, nº. 6
15800 MELIDE (A Coruña)

Confitería Trisquel

Montse Sánchez Varela
Román Varela Varela

Tfnos.: 981 505 098
654 217 798

Rúa Novoa Santos, 30, baixo
15800 MELIDE (A Coruña)

PANADERIA

TAHONA

Tfno: 981505127
Avda. da Habana, 7 15800 - MELIDE



Música en tódolos recunchos de Melide durante a VII Foliada

Consolídase o concurso de cantos de taberna coa participación de 15 grupos

A VII edición da Foliada de Melide celebrouse o 30 de abril e 1 de maio e contou cunha notable asistencia de público. A pesar das inclemencias meteorolóxicas, que mermaron a asistencia de espectadores a algunhas actividades, a Foliada superou outro ano máis con nota.

Como é tradición, o sábado á tarde a marcha gaiteira volveu percorrer as rúas da vila, levando o son das gaitas a tódolos recunchos de Melide, e finalmente concentrándose na Praza das Coles. Alí celebrouse un serán no que participaron uns 20 grupos.

Cantos de Taberna

Este ano celebrouse o III concurso de Cantos de Taberna, no que participaron 15 grupos que percorreron outros tantos locais da zona dos viños ó mediodía do sábado. O público ateigou os bares e rúas para escoitar o repertorio dos grupos e ver a súa posta en escea.

Esta é, sen dúbida, unha das actividades que máis público atrae dentro das programadas ao longo de toda a fin de semana. A súa súa peculiar concurso, e da Foliada en xeral, xa chega a tódolos recunchos de Galicia. Participaron formacións de toda a comarca e de sitios tan dispares como A Estrada, Bergondo, Redondela ou Marín.



Momento do serán celebrado na Praza das Coles



15 grupos participaron no concurso de cantos de taberna

A boa Viña, un novo aliciente para deleitar o padal en Melide



Alberto Buján posa ás portas do seu novo bar

Alberto Buján Mosteiro embárcase nunha nova aventura ao abrir o bar 'A boa viña, A boa vida', ubicado Praza da Herba, en plena zona dos viños de Melide.

No local pódense probar os mellores viños, tanto galegos como de fóra das nosas fronteiras. Ademais tamén está especializado en cervexa e en copas e combinados.

Pero sen dúbida, a principal novidade de 'A boa viña' é a súa carta especializada en gin tonics, que está a ter moito éxito entre os clientes do bar.

Alberto afirma que está "moi

contento pola boa acollida do público" con este novo negocio, que abriu as súas portas hai tres semanas.

Aniversario Pub Kemais

O próximo 20 de maio celebrárase o sexto aniversario do Pub Kemais, que tamén rexenta Alberto Buján. O local estreará nova imaxe e celebrará os seus seis anos de vida por todo o alto, con festa Coca-Cola e o sorteo de diversos agasallos especiais. Ademais contarán cun barman especialista na preparación de cócteles e gin tonics.



Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE



**NOVA
IMAXE!**

Entra Parko Benín, 9
41120B (A Coruña)

TESLA Enxeñaría e Proxectos

PODA O SEU PROXECTO SEN COMPROMISO

- Locais Comerciais e Licenzas de Actividade
- Instalacións Eléctricas e de Iluminación
- Instalacións de Ventilación e Climatización
- Proxectos de Eficiencia Enerxética
- Estudos de Impacto Ambiental
- Xestión de Trámites e Subvencións
- Consultoría Técnica en Calidade, Medioambiente e Prevención de Riscos
- Fichas Técnicas de Vehículos de Importación

Isabel Costoya Vázquez. C/alg. 2928 Tlf: 670.463.603 e-mail: icv2928@caeticor.net
Alberto Blanco Penas. C/alg. 3165 Tlf: 699.993.851 e-mail: albp3165@caeticor.net

ENXEÑERÍA TÉCNICA INDUSTRIAL - SANTIAGO DE COMPOSTELA - MELIDE

MEDRA EN VERDE S. Coop. Galega

Solucións agrícolas, gandeiras, forestais e medioambientais

Servizos técnicos de enxeñaría, consultoría e formación

Ocio e lecer, granxa escola e campamentos de verán

ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA
VILASANTAR - A CORUÑA

Tfn: 981.777.461
www.medraenverde.com

VOTA XUNTOS CARA O PROGRESO DE TOQUES



José Antonio Castro Fraga
Candidato á alcaldía



XUNTOS CARA O PROGRESO DE TOQUES (XCPT)



PSOE DE PALAS DE REI

QUEREMOS UN CONCELLO Ó SERVIZO DOS CIDADÁNS

1. Comprometémonos co pleno emprego
2. Contactaremos con novas empresas, que xerarán 30 postos de traballo
3. Incentivaremos o asentamento de novas industrias no noso concello
4. Traeremos para Palas un parque de bombeiros con 25 postos de traballo
5. Recuperaremos o núcleo urbano de Palas como centro de convivencia
6. Crearemos un museo de transporte interactivo
7. Traballaremos na recuperación integral con aglomerado de toda a rede de estradas do municipio
8. Crearemos un anillo eléctrico de circunvalación a Palas
9. Repartiremos libros de texto e material escolar ás familias necesitadas
10. Crearemos unha aula de novas tecnoloxías
11. Asentaremos a cobertura de banda ancha en todo o concello
12. Construiremos vivenda pública suficiente e de calidade
13. Faremos un complexo residencial da Terceira Idade, que xerará 25 postos de traballo
14. Crearemos un padroado municipal de Cultura, Deportes e Pesca
15. Crearemos unha escola de Música
16. Levaremos a cabo o saneamento integral de todas as parroquias
17. Faremos unha coidada e eficaz traída de augas
18. Queremos facer do Castelo de Pambre unha referencia mundial
19. Instauraremos o Día Internacional do Camiñante



**PARA QUE GAÑE
SANTISO.**

VOTA

**PSG
DE
PSOE**



Fernando Suárez Cortiñas
Candidato á Alcaldía de Santiso.

Hai moitos nenos!

Santiago Prado Conde (Chago), Antropólogo



O título da colaboración deste mes son as verbas coas que un neno que aínda non chega aos tres anos sorprendeu ao seu pai na nosa querida praza do Convento o domingo da Foliada. A inocencia dun cativo advertiu que é unha actividade na que os nenos tamén están presentes e son e queren ser protagonistas do acto festivo que supón a Foliada. Xunto aos nenos tamén gozaron este día os nosos maiores, os nosos mozos e mozas, é dicir, estiveron presentes todas as franxas de idade da nosa sociedade nunha harmonía que nos permite realizar varias lecturas sobre a importancia que ten a Foliada, alén de organizarse como un acto festivo no que a música é a protagonista.

O ano pasado por esta altura indiquei que a Foliada representa a creatividade simbólica e a produción cultural dos nosos mozos e mozas, e supera así as perspectivas negativas coa que os medios de comunicación nos teñen acostumados a mirar a xuventude. Este ano, para continuar coa interpretación que nos suscita a Foliada, tratarei de achegarme á relación coa lingua galega e coa cohesión social.

Na Foliada, a lingua galega tamén é protagonista porque aínda sen utilizala todas as persoas que participan, vívese como normalidade, é dicir, a lingua representa o común denominador por parte dos organizadores da Foliada e non existe rexeitamento por parte de ninguén. Polo tanto, a lin-

gua galega sitúase transversalmente ás actividades e xera dinámicas de vinculación positivas cara esta.

Na miña opinión, o significativo é que moitos nenos e nenas participan nesta actividade na que ademais de gozar arredor da música galega tamén o fan coa lingua galega, posto que non se representa esta como algo ocasional, froito dun día ou simplemente unha actividade pasaxeira.

A actividade de lecer que supón a Foliada é un ar renovado para a lingua galega polas dinámicas de vinculación que supón, o que demostra unha vez máis que a saúde da nosa lingua unicamente é posible se se proxecta sobre actividades nas que a creatividade e espontaneidade están presentes; como ben dicía o profesor Carballo Calero: “unha lingua non pode perpetuar-se se non se exercita, unha lingua non pode realizarse se non se proxecta sobre un mundo real”.

Ademais do positivo que ten para a nosa lingua, a Foliada tamén é unha actividade que permite transcender as clases sociais, as categorías de idade, as diferenciacións de xénero e os límites rurais e urbanos, tanto nas relacións como nos universos simbólicos. Ao situarse alén da estrutura social, a Foliada é un bo exemplo dunha actividade que xera cohesión social. Pero esta cohesión social en torno a unha actividade débese a que as persoas son as protagonistas ao

tratar de gozar nun acto festivo no que tamén se xeran dinámicas de inclusión social.

A pesares de que o percorrido comezado dende o ano 2005 pola Foliada é de éxito na programación en torno á música e a inclusión de novas actividades que enriquecen as experiencias, penso que o máis importante sitúase en que a Foliada foi quen de atraer ano a ano un maior número de persoas chegadas de contornos socioculturais diversos para participar e gozar desta festa.

Polo tanto, a heteroxeneidade social presente na Foliada é o mellor indicador do éxito desta actividade porque nos demostra que é posible xerar actividades inclusivas socialmente que están axudando a que a cohesión social sexa posible nestes tempos que para moitos representan incertezas e incluso inseguridades.

Finalizo emitindo un profundo agradecemento aos organizadores da Foliada e a todas as persoas que con eles colaboran, auténticos protagonistas e dinamizadores para que todo saia ben, pola súa bondade e agarimo para que todos poidamos gozar deste acto festivo. Uns parabéns que tamén fago extensible ás institucións, que dun xeito ou outro, axudan a que a Foliada cada ano teña maior vitalidade e un abano maior de posibilidades.

Brindemos entón por que sempre haxa nenos.

Equipo e técnicas para pescar troitas con bolla

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’

Actualmente é a forma de pesca máis utilizada e practicada polos troiteiros, tendo un gran arraigo na nosa comunidade, onde se lle chama bolla ao buldó e corda a liña coas moscas, que soen ir de tres a catro (1 ninfa, 2 afogadas e 1 seca ou tricóptero).

Para pescar a troita coa bolla é recomendable usar unha cana de non menos de 2,50 metros de longo e un carrete de lance lixeiro cunha capacidade para un mínimo de 100 metros e unha liña entre 0,16 e 0,22 de diámetro.

A pesca realizase en lugares onde a auga está en movemento, xa que o golpe da bolla ao caer na auga amortíguase co movemento. Tamén funciona perfectamente en augas paradas ou calmas cando fai aire e a superficie da auga se riza. Nestes intres conven aproveitar e pescar as grandes pozas do río nas que se atopan os mellares exemplares de troitas inalcanzables nos días sen vento, xa que o ruído da nosa bolla ao caer alerta á troita e non collería a mosca. Eiqué a pesca faise dunha maneira moi lenta, recollendo o aparello paseniño e levantando lixeiramente as moscas sobre a superficie da auga; o vento fai o resto dándolle vida ás moscas e facendo que bailen na auga.

A forma de pescar soe ser augas arriba, lanzando o aparello e deixámolo derivar pola corrente do mesmo xeito que imos recollendo a liña á mesma velocidade que a corrente (aproximadamente), e vamos facendo bailar as moscas na superficie da auga, clavando no intre en que

notemos que a troita toma a mosca, “pica”. En moitos casos non é necesario clavar, pois a tensión da liña fai que se clave soa.

En moitos ríos onde a vexetación de ribeira é moi abundante e non permite realizar os lances río arriba, deixamos baixar a liña de aparello pola corrente dende o pescador cara abaixo, mantendo a tensión e facendo bailar da mesma maneira as moscas. Nestes casos a picada soe ser espectacular xa que podemos deixar ao aparello que se meta debaixo da vexetación, ramas, e a liña ten que estar en máxima tensión sentindo a troita cravaba dende o intre en que toma a mosca.

Os lugares onde a troita soe estar apostada e desposta a tomar as nosas moscas son os “blandos” que atopamos entre as correntes, é dicir láminas de auga onde a corrente é menos forte, que soen producirse por calquera obstáculo, pedras, ramas, algas, etc., situados na corrente do río, que fai que ésta se divida quedando entre medias estes “blandos”. Nestes lugares nunca debemos de pasar de longo, temos que insistir neles. É moi importante saber “ler o río” para localizar estes sitios cun simple vistazo, aínda que non coñezamos a zona que estamos pescando.

Segundo avanza a tempada da troita ímolos atopar en lugares de augas cada vez máis oxixenadas e onde a corrente é máis forte, chegando a picar perfectamente nas espumas das grandes correntes sobre todo nos ríos de augas cristalinas de alta montaña.

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
981506188
info@asetem.com

Centrados en ti

Vota



**OVIDIO
LEIVA PEREIRO**
Candidato en Santiso

AXENDA MAIO

-sábado 7 e domingo 8: campeonato autonómico de pesca de salmónidos lance. Organizado pola Federación Galega de Pesca, a Sociedade Ponte Mazaira e A Xuntanza de Toques. Couto do río Furelos, Melide.

-domingo 8: Festa do Melindre e da Repostería Tradicional. Apertura da festa ás 12.00 horas. Lectura do pregón ás 12.30. Homenaxe ás telleiras ás 13.00. Degustación da repostería ás 13.30. Proxección do documental 'As telleiras' ás 14.00 e 18.30 horas.

-venres 13: concerto de Kayo Malayo. Ás 00.30 horas na Sala 600 de Melide. Entrada 5 euros.

-sábado 14: espectáculo do humorista David Amor,
às 00.15 na Sala 600 de Melide. Entrada 10 euros.

-do luns 16 ao martes 31 de maio: exposición A lingua galega, historia e dereitos lingüísticos. Sala de exposicións do Edificio Multiusos de Melide.

-venres 20: 6º Aniversario do Pub Kemais de Melide.
Actuación de Chamuyo Tango. Ás 23.30
horas na Fundación, Melide.

-domingo 22: eleições municipais.

-xoves 9 de xuño: xornada sobre casos de éxito no comercio. No salón de actos de Asetem-Cca.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45,
22.30

(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados: 10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55,
19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE
(Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
Bombeiros	080
Incendios Forestais	085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

SERVIZOS E INSTITUCIÓN

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

ASETEM-CCA	981506188
I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

TRANSPORTES

RENFE	Nacional	902240202
	Santiago	981596050
Autobuses	A Coruña	981239099
	Santiago	981542416
Aeropertos	A Coruña.	981187200
	Santiago	981547500
	Vigo	986268200

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

MANUEL VARELA VÁZQUEZ, IMAXINA

“Traballamos con material de calidade a prezos moi asequibles”

Fotografía, vídeo, electrónica e informática. Un novo concepto de tenda -situada na rúa Florentino López Cuevillas de Melide- adaptada ós tempos e formas actuais de consumo. Manuel Varela, decantouse por montar o seu propio negocio despois de varios anos traballando nun moi similar.

Así naceu Imaxina, que ofrece un servizo integral nas catro actividades citadas. Pese á gran competencia nestes campos, Manuel cría que en Melide había mercado suficiente, algo que se confirmou co volume de traballo e os bos resultados do negocio dende a súa apertura, hai máis dun ano.

-Como e cando nace Imaxina?

-Eu xa traballara nun negocio coma este, que finalmente pechou. Cría que en Melide había mercado para un proxecto coma este, aínda que a competencia é grande. Vin a oportunidade de ter traballo cerca da casa e da familia e abrín á tenda hai máis dun ano, en febreiro de 2010.

-Fotografía, vídeo, informática e electrónica. Unha combinación un tanto peculiar

-O traballo da fotografía e do vídeo é moi estacional, deixa moito tempo do ano libre, e como son informático aproveitei para montar algo de informática e electrónica. É un negocio completo, unha boa maneira de obter beneficios nos tempos nos que estamos.

-En canto á fotografía, que é o que máis traballan?

-Reportaxe social, vodas, comunións e bautizos sobre todo. A fotografía está evolucionando constantemente e agora a xente quere facer reportaxes sen ter porque ser para unha ocasión especial coma unha voda.

-Este ano presentan unha novidade en canto ao vídeo para as vodas

-Temos unha oferta de vídeos personalizados que son unha auténtica marabilla, con técnicas de after effects e filmado con varias cámaras. É algo novo, que chama moito a atención, aínda que é un pouquiño máis caro porque ten moito máis traballo que un vídeo normal. Xa fixemos dous o ano pasado, en colaboración cunha empresa de Pontevedra. Xa o ofrecemos a varias parellas e todas quedaron abraia-



Manuel Varela na súa tenda, situada na rúa Florentino L. Cuevillas de Melide

das con este produto. É totalmente diferente ós tradicionais vídeos. Queremos innovar e que a xente non se aburra ó ver o vídeo da súa voda.

-Tamén fan vídeos promocionais

-Somos os encargados de facer os vídeos publicitarios para a guía QDQ en toda Galicia. Ó igual que coa fotografía, cubrimos calquera tipo de evento e encargo.

-A crise está afectando á contratación destes servizos nos eventos sociais?

-Sí que se nota moito a crise. A xente non deixa de facer reportaxes, pero si axusta moito máis, mira moito máis os prezos e vaise ás opcións máis asequibles. Por iso a nosa po-

lítica é ofrecer prezos o máis asequibles posible, traballando coa máxima calidade do mercado. De feito, traballamos co mellor laboratorio de toda España, Paraíso Digital. Traballamos así porque consideramos que tódalas persoas deben poder permitirse levar un fotógrafo a acontecementos tan importantes como unha voda.

-No relativo á informática e electrónica, que servizos ofrecen?

-Ofrecemos un servizo integral, tanto de venda, como de mantemento e reparación. Cubrimos calquera reparación de software e hardware. Na electrónica, traballamos co taller BS de Lalín para o que non podemos arranxar nós aquí. En canto ós consumibles, prescin-

dimos de ter grandes cantidades de stock na tenda, porque a loxística tamén evolucionou moito e calquera pedido témololo na tenda nun prazo máximo de 24 horas.

-En Melide hai moita competencia en tódolos campos que abarca o seu negocio

-Sí, hai varias tendas especializadas. Pero eu consideraba que había mercado suficiente para un negocio máis, porque é unha vila con bastante actividade. A resposta da clientela foi moi boa, sobre todo no tema da fotografía e do vídeo. Non contabamos traballar moito porque este tipo de reportaxes sempre se contratan con moito tempo de antelación, pero ó final cubrimos o verán pasado moi ben, cun

“Temos unha oferta de vídeos personalizados para as vodas, que son moi innovadores e gustan moito”

“Ofrecemos un servizo integral de venda, mantemento e reparación para informática e electrónica”

montón de traballos e esta tempada temos cheo. Estamos moi contentos. Demostrouse que si que había mercado para nós.

-Cales son os seus proxectos para o futuro?

-O meu obxectivo a curto prazo é que o negocio siga funcionando como o está facendo ata o de agora e que á xente lle gusten os traballos que facemos. A mellor publicidade e o mellor reclamo é o noso traballo. Ata agora, a miña compañeira Natalia e máis eu cubrimos tódolos traballos. Se nos sigue indo ben, miraríamos a posibilidade de abrir outra tenda nalgunha localidade cercana, como Arca ou Teixeira. Pero primeiro temos que afianzar esta, porque levamos moi pouco tempo abertos.

XX FESTA DO MELINDRE E DA REPOSTARÍA TRADICIONAL

MELIDE

8 de maio
de 2011



organiza:



colabora:

